



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Registro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 Nº. 200800001588
23-01-2008 12:31:33

De acordo cos artigos 37.2 a) dos Estatutos da Universidade de Vigo e 3 a) do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, o Reitor é o Presidente do Consello de Goberno e como tal ten as competencias en relación a este órgano que lle atribúan as citadas normas así como, de forma supletoria, as previstas na Lei de Procedemento Administrativo.

Pola súa parte, o art. 27.2 da Lei de Procedemento Administrativo sinala que calquera membro dun órgano colexiado ten dereito a solicitar a transcrición literal íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte nel acto ou no prazo que sinala o Presidente o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose constar na acta ou uníndose copia á mesma.

De acordo co exposto anteriormente e aos efectos de organizar dunha forma axeitada as intervencións dos membros do Consello de goberno nas sesións do mesmo e o seu reflexo na correspondente acta, esta Reitoría resolve,

Que toda persoa que teña interese en que conste de forma literal a súa intervención nunha sesión de Consello de Goberno, deberá aportar o texto do mesmo no acto de celebración da sesión.

Vigo, 21 de xaneiro de 2008

O REITOR



Alberto Gago Rodríguez

- Sres. Membros do Consello de Goberno